

ECONOMÍA SOCIAL MEETING

DATAS REALIZACIÓN	16 de Novembro 2018	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 h.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Rúa Tomiño, 22 – baixo, Santiago de Compostela (na sede de AGACA Unión de Cooperativas Agrarias)		
Persoa de contacto	Constantino Gago Conde	teléfono	881.887.456
		e-mail	tino@espazo.coop

OBXECTIVOS

- Presentación mutua das entidades participantes: entidades representativas, cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción. Mediante técnicas de presentación e intercambio de coñecementos e experiencias.
- Posibilitar a transferencia de experiencias, metodoloxías, ou solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación.
- Dar a coñecer as **convocatorias** da Axencia Galega de Innovación, no **ámbito da I+D+i** e valorar aquelas liñas que poden ser de maior interese para as entidades participantes.

PROGRAMA

09:30 h. - Recepción e entrega de documentación. Información das entidades e persoas participantes, presentación dos encontros *Economía Social Meeting* para fomento da intercooperación no marco da Rede Eusumo.

09:45 h. - Presentación entre entidades. Experiencias, necesidades e propostas de colaboración no ámbito específico da I+D+i.

10:15 h. - Presentación das distintas liñas de axudas e convocatorias do **GAIN Axencia Galega de Innovación**. Experiencias, casos e análise de posibilidades.

11:30 h. - Peche do encontro.

CONTIDOS

- No marco das futuras convocatorias das liñas de apoio á I+D+i da Axencia Galega de Innovación, as entidades que compoñen o *Foro pola Economía Social Galega* levarán a cabo esta xornada de networking para dalas a coñecer e facilitar o coñecemento mutuo e o intercambio de información neste ámbito concreto. Con carácter previo remitirase información das entidades e persoas participantes.
- As propostas de colaboracións e intercooperación teranse en conta para a celebración dos seguintes *Meetings* que seguindo a liña deste, terán un contido máis específico en canto a temática, ben sexa sectorial ou transversal segundo o interese das entidades de economía social participantes.
- Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de intercooperación ou contidos para os seguintes *Meetings*.

METODOLOXÍA

- Os meetings da Economía Social desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes.
- Poderán utilizarse medios audiovisuais na presentación da entidade e farase un estrito control do tempo de intervención para garantir a axilidade da xornada.

DIRIXIDO A

Persoas socias, traballadoras e equipo técnico das entidades que integran o '**Foro pola Economía Social Galega**' (Agaca, Cegasal, Aeiga, Aesgal, EspazoCoop) e **outras entidades e redes da economía social e solidaria**. || Grupo mínimo: 10 persoas - Grupo máximo: 25 persoas.



Actividade colaborativa do:

Colabora:

Foro pola Economía Social Galega

